

## PLAN DE CONTINXENCIA FRENTE AO COVID-19

O plan de continxencia adoptado dende Saúde Mental FEAFFES Galicia fronte ao COVID-19 vai dirixido a contribuír á contención e evitar a propagación de coronavirus, reforzando as capacidades dos equipos e os recursos dispoñibles en toda a comunidade autónoma. Preténdese promover accións de prevención, especialmente das persoas e grupos máis vulnerables, como son neste caso as persoas con problemas de saúde mental.

Buscamos **tres obxectivos fundamentais**:

1. **Garantir a atención ás persoas usuarias dos nosos servizos.** Temos que ter en conta que traballamos con persoas cun risco especial, pola súa dobre situación (saúde mental e física) intentando minimizar, por un lado as probabilidades de posibles contaxios pero poñer tamén na balanza a altísima vulnerabilidade do noso colectivo ante situacións de crise, pánico, medo e alarma social; vulnerabilidade esta última na que podemos serlles de moita axuda nesta situación.
2. **Protexer as persoas traballadoras da nosa entidade,** facilitando información sobre as medidas adoptadas polas autoridades co obxectivo de minimizar o impacto da crise e facilitar as medidas necesarias (sempre e cando sexan posibles) para reducir o risco.
3. **O mantemento, na medida do posible, dos nosos servizos** pero intentando tamén ofrecer as solucións máis axeitadas ás situacións persoais dos nosos traballadores que poidan necesitar medidas de conciliación por atención aos fillos ou se atopen en situacións especiais. Contamos ca solidariedade do equipo de traballo para facilitar as medidas necesarias segundo os casos.

Para iso cóntase con **ofrecer atención en relación a:**

### 1. **Persoas usuarias dos servizos da entidade:**

Co fin de garantir a continuidade asistencial e evitar a descompensación ou desestabilización psiquiátrica, promóvese o seguimento telefónico (de xeito proactivo) das persoas usuarias. Esta medida está dirixida a minimizar o impacto que a discontinuidade da actividade ordinaria poida ter no seu proceso de recuperación. No caso de detectar calquera sinal de alarma ou posible crise, pódese levar a cabo (sempre que o usuario non se atope nunha situación de posible caso de COVID - 19 ou sexa un caso confirmado) unha consulta presencial na delegación seguindo o pautas xerais de acompañamento vixentes para centros socio-sanitarios.

É preciso o seguimento das persoas usuarias máis vulnerables, ofrecendo apoio, agarimo e mensaxes de calma.

Segundo as medidas de precaución establecidas, ofrecerase acompañamento e/ou apoio ás persoas usuarias que o soliciten e que máis o precisen para a realización de xestións, visitas ao psiquiatra, a urxencias médicas, á cociña económica, búsqueda de recursos, etc...

Suspéndense todas as accións formativas, prácticas non laborais en empresas, actividades e ocio, etc.

### Tarefas a realizar polos traballadores:

a.- Procederse a facer un seguemento telefónico, de xeito proactivo, das persoas usuarias de maior risco, ou presencial, en caso de ser necesario. Ditos seguementos rexistraranse na aplicación “gestionadote”.

b.- Os profesionais realizarán as tarefas non presenciais vinculadas aos seus programas e proxectos (rexistros, informes, etc...).

2. **Protexer as persoas traballadoras da nosa entidade.** Suspendéronse todas as accións formativas presenciais, así como actividades de ocio e están canceladas as reunións e encontros.

Achegáronse os seguintes **documentos informativos** con recomendacións:

- **Comunicación Dirección e Comunicado de Saúde Mental FEAFFES Galicia**, explicando as medidas adoptadas – (13.03.2020).
- **“Recomendacións Residencias de maiores y Centros socio-sanitarios”**, que é a guía que a Consellería de Política Social enviou aos centros propios, así como o cartel elaborado pola Consellería de Sanidade (o teléfono de consulta é o 900 400 116 e non o que aparece no cartel). (13.03.2020).
- **Acordo do centro de coordinación operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da comunidade autónoma de Galicia, declarada polo acordo do consello da xunta de galicia do día 13 de marzo de 2020**, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus covid-19. No ANEXO I expóñense as aclaracións sobre as actividades que deben permanecer abertas, por non estaren incluídas na suspensión acordada as **Actividades de servizos sociais sen aloxamento**. (15.03.2020).
- **Recomendacións para a atención nos dispositivos complementarios para a atención ao trastorno mental severo** (16.03.2020).

Achégase xunto con este documento:

- **Recomendacións do CERMI para as entidades de persoas con discapacidade**, (16.03.2020).

As **persoas traballadoras que sexan poboación en risco** (patoloxías previas, etc.) deberán comunicar inmediatamente ao seu referente dita situación, para que se poidan adaptar as medidas de protección e prevención adecuadas.

3. **Facilitar na medida do posible as medidas de conciliación as persoas traballadoras** e tamén ofrecer solucións a situacións especiais e específicas que se poidan producir. As solicitudes de vacacións e permisos seguen como ata agora, coa excepción de que se fose preciso para reforzo da plantilla, a dirección poderá solicitar as modificacións oportunas.

Como regra xeral, o horario laboral segue como está. Os referentes (no seu ámbito) e os coordinadores (para os casos de persoal da súa dependencia directa) farán unha proposta de traballo á dirección tendo en conta este plan de continxencia e serán os encargados de transmitir toda a documentación enviada e as novidades que se vaian producindo, sempre intentando conxugar a atención ás persoas usuarias coa necesidades das persoas traballadoras.

**A Dirección é a encargada de enviar a información e os cambios que se vaian producindo, os mensaxes e información que se envíe serán consensuados entre a Presidencia e os coordinadores, este plan é susceptible de modificación, segundo as novidades e necesidades que se presenten.**

**Durante a duración da crise manterase unha contínua e fluída comunicación entre a Presidencia, a dirección, os coordinadores e os referentes.**

En Santiago de Compostela a 16 de marzo de 2020.

**Asinado: Xosé Ramón Girón García**

**PRESIDENTE**